



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Dereito constitucional II

Materia	Dereito: Dereito constitucional II			
Código	O03G080V01201			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Gonzalez-Ares Fernandez, Jose Agustin			
Profesorado	Gonzalez-Ares Fernandez, Jose Agustin Mosquera Casero, Jose			
Correo-e	ares@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Dereito Constitucional II (segundo bloque dos estudos de Dereito Constitucional) centrarase na análise dos dereitos contemplados na Constitución e os sistemas de garantías destes, destacando, entre outros, o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as principais institucións xurídicas
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais
A3	Comprender o carácter unitario do ordenamento xurídico
A4	Coñecer os principios e valores constitucionais
A5	Apreciar a diversidade e a multiculturalidade
A6	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
A7	Coñecer as estruturas sociopolíticas do ámbito nacional e internacional
A8	Ser quen de argumentar xuridicamente
A9	Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
A10	Ser quen de aprehender sistematicamente o ordenamento xurídico
A11	Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
A12	Ser quen de manexar fontes xurídicas
A13	Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico
A14	Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos
A15	Ser quen de manexar a oratoria xurídica
A16	Ser quen de dominar as novas tecnoloxías aplicadas ao dereito
A17	Ser quen de elaborar normas
A18	Ser quen de negociar e mediar
B1	Capacidade de síntese e análise
B2	Capacidade de aprender
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de adaptarse a novas situacións
B5	Capacidade para organizar e planificar
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B7	Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B9	Traballar de forma cooperativa
B10	Preocupación pola calidade
B11	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais)
B13	Traballar desde unha perspectiva comparada, manexando información comparada

Competencias de materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade de síntese e análise.	B1
Capacidade para aprender.	B2
Capacidade de xestión da información.	B3
Capacidade para adaptarse a novas tecnoloxías.	B4
Capacidade para organizar e planificar.	B5
Resolver problemas de forma eficaz.	B6
Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo.	B7
Traballar de forma autónoma con iniciativa.	B8
Traballar de forma cooperativa.	B9
Preocupación pola calidade.	B10
Comportarse de forma ética e mostrar responsabilidade social como cidadán e como profesional.	B11
Comunicarse de xeito efectivo nun medio de traballo (habilidades nas relacións interpersoais).	B12
Traballar desde unha perspectiva comparada, manexando información comparada.	B13
Coñecer as principais institucións xurídicas do Dereito constitucional.	A1
Coñecer a función do Dereito constitucional como sistema regulador da sociedade civil e do Estado.	A2
Comprender o carácter unitario do ordenamento xurídico.	A3
Coñecer os principios e valores constitucionais.	A4
Apreciar a diversidade e a multiculturalidade.	A5
Coñecer as distintas manifestacións do Dereito constitucional na súa evolución histórica e na súa realidade actual.	A6
Coñecer as estruturas socio-políticas do ámbito nacional e internacional.	A7
Ser quen de argumentar xuridicamente.	A8
Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do Dereito e desenvolver dialéctica xurídica.	A9
Ser quen de aprehender sistematicamente o ordenamento xurídico.	A10
Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar.	A11
Ser quen de manexar fontes xurídicas.	A12
Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.	A13
Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos.	A14
Ser quen de manexar a oratoria xurídica.	A15
Ser quen de dominar as novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito.	A16
Ser quen de elaborar normas.	A17
Ser quen de negociar e mediar.	A18

Contidos

Tema	
1. Os dereitos fundamentais: orixe e evolución constitucional.	Os dereitos e liberdades como límite e a súa garantía no Estado constitucional liberal. Transformacións das garantías dos dereitos e deberes fundamentais no Estado social de Dereito.
2. Normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades recoñecidas constitucionalmente como alicerce da orde política e da paz social. Dereito internacional e Dereito constitucional español.	A súa natureza xurídica e características. Xurisprudencia constitucional e interpretación da Constitución.
3. O suxeito dos dereitos e deberes fundamentais: nacionalidade e cidadanía.	Constitución española e Constitución europea.
4. Igualdade, igualación e liberdade.	Principios políticos e xurídicos.
5. Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.	Principios constitucionais, lexislación e xurisprudencia constitucional.
6. Dos dereitos e deberes dos cidadáns.	
7. Os principios reitores da política social e económica.	
8. Garantías das liberdades e dos dereitos fundamentais.	Principios constitucionais, lexislación e xurisprudencia constitucional e da Unión Europea.
9. Tribunal Constitucional, dereitos fundamentais, poderes do Estado e organización territorial.	
10. Suspensión dos dereitos fundamentais.	O Estado de excepción, consideración constitucional e xurídica.

11. Dereitos e deberes fundamentais e reforma constitucional.

12. Xustiza constitucional. Caracteres e significado xeral da xurisdición constitucional.

13. Xurisprudencia constitucional e interpretación da Constitución.

14. Dereito constitucional comparado e dereitos e deberes fundamentais.

15. Constitución, Dereito constitucional e unidade económica, Unión Europea e Dereito internacional.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	11	19	30
Traballos tutelados	10	20	30
Sesión maxistral	30	50	80
Titoría en grupo	2.5	6	8.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Traballos tutelados	O estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Titorías en grupo ou individualizadas nas que se confrontarán e orientarán, se é o caso, os traballos personalizados realizados polos alumnos/as, así como a resolución de dúbidas expostas tanto polo traballo teórico como práctico. Así mesmo, facilitaráselles aos alumnos unha atención personalizada dirixida a titorizar a realización dos traballos que han desenvolver estes, indicándolles as directrices que deben seguir, bibliografía relacionada co asunto obxecto de estudo, forma de presentación, etc.
------------------	---

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Presentación por escrito de análises de textos e análises críticas de lecturas propostas ao longo do curso.	20
Traballos tutelados	Elaboración de traballos tutelados sobre algún contido do programa.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Desenvolvemento por escrito dunha pregunta do programa.	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Será condición imprescindible para contabilizar a avaliación continua obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de resposta longa.

Aqueles alumnos que, por circunstancias persoais ou profesionais, non poidan participar de maneira presencial no desenvolvemento do curso poderán presentar por escrito os diferentes traballos realizados ao mesmo tempo que os

asistentes. Isto suporalles un 50% da avaliación final e a proba de resposta longa o outro 50% da avaliación final.

Aqueles alumnos que non poidan participar no desenvolvemento do curso de maneira presencial terán unha avaliación final que implicará o desenvolvemento por escrito de dúas preguntas longas que se incluírán no programa e suporán o 80% da avaliación e una pregunta práctica que suporá o 20% da avaliación.

Tanto estes últimos alumnos como os anteriores gozarán de atención personalizada nas titorías individualizadas (previa cita) cando así o desexen.

Na segunda convocatoria diferenciaranse as seguintes modalidades:

a) Para os alumnos presenciais: terán que ser avaliados daquela parte da programación docente que non superasen durante o curso. b) Para aqueles alumnos que participan, aínda que non o fan de maneira presencial na súa totalidade: terán que superar aquela parte da programación docente que non superasen. c) Para aqueles alumnos que se presentasen unicamente a unha avaliación final e non a superasen: deberán repetir esa mesma modalidade de avaliación na súa totalidade.

Bibliografía. Fontes de información

ARAGÓN REYES, M. y AGUADO RENEDO, C. (coord.), **Derechos fundamentales y su protección. Temas básicos de Derecho Constitucional. Tomo III,**

BALAGUER CALLEJÓN, F. y otros, **Manual de Derecho Constitucional. Vol. II. Derechos y libertades fundamentales,** 3ª ed.,

BASTIDA FREIJEDO, F. y otros, **Teoría general de los derechos fundamentales en la Constitución española de 1978,**

DÍEZ-PICAZO GIMÉNEZ, L. M., **Sistema de derechos fundamentales,** 3ª ed.,

GARCIA GESTOSO, N., **Soberanía y Unión Europea (Algunas cuestiones críticas desde la Teoría de la Constitución),**

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **El Valedor do Pobo. Del Ombudsman sueco al Comisionado parlamentario gallego,**

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Las Constituciones de la España contemporánea. Del Estatuto de Bayona a las Leyes Fundamentales del franquismo,**

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Leyes constitucionales españolas (1808-1978),** 2ª ed.,

MARTÍNEZ CUEVAS, M. D., **Suspensión individual de derechos y libertades fundamentales en el ordenamiento constitucional español: un instrumento de defensa en la Constitución española de 1978,**

PISARELLO, G., **Los derechos sociales y sus garantías. Elementos para una reconstrucción,**

PÉREZ LUÑO, A. E., **Los derechos fundamentales,** 10ª ed.,

TAJADURA TEJADA, J., **Los principios rectores de la política social y económica,**

Bases de datos: **Aranzadi, Eur-Lex, Iber-Lex, Tirant on line, Calex,**

Páginas web: **www.cepc.es, www.boe.es, www.congreso.es, www.senado.es, www.poderjudicial.es, www.tribunalconstitucional.es, www.defensordelpueblo.es, www.xunta.es, www.aelpa.org,**

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito administrativo I/O03G080V01301

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia: Historia do dereito/O03G080V01203

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/O03G080V01101

Dereito: Dereito romano/O03G080V01102

Dereito: Teoría do dereito/O03G080V01104